



Concello de Outes

Expediente núm.: 173/2020

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de novo ingreso e de matrícula de persoas usuarias do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes para o curso 2020/2021.

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA APROBANDO AS SOLICITUDES DE
PERSONAS USUARIAS DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO
CONCELLO DE OUTES PARA O CURSO 2020/2021 NOS PRAZOS
EXTRAORDINARIOS**

ANTECEDENTES

1. O Concello de Outes ten un Punto de Atención á Infancia (PAI) con permiso de inicio de actividades con data do 18/12/2007.
2. O Pleno do Concello de Outes aprobou o Regulamento de réxime interior e a Ordenanza reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia na sesión desenvolvida o 28 de novembro de 2019.
3. O concello de Outes publicou no Boletín Oficial da Provincia nº 46, de data 9 de marzo de 2020 a aprobación definitiva do Regulamento de réxime interior e a Ordenanza reguladora do prezo público do Punto de Atención á Infancia.
4. Dito Regulamento de réxime interior do Punto de Atención á Infancia do Concello de Outes recolle no artigo 13 o procedemento para a tramitación de solicitudes nos prazos extraordinarios
5. Vista a baremación realizada pola Comisión de Valoración, e efectuada a proposta inicial de persoas admitidas e de agarda e segundo o establecido a tal fin no RRI do Punto de Atención á Infancia

De acordo con todo o indicado

RESOLVO:

PRIMEIRO. Avocar, para este asunto concreto, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Resolución 2019-0171, do 28 de xuño.



Cod. Validación: 9D4S5Y74HFLN9FCZGNDA6PZK | Corrección: <https://oues.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Outes

SEGUNDO. Aprobar e publicar a lista definitiva de admisión e agarda no Punto de Atención á Infancia de Outes para o curso 2020/2021, segundo as solicitudes presentadas nos prazos extraordinarios na forma que a continuación se detalla:

SOLICITUDE Nº REXISTRO ENTRADA	HORARIO SOLICITADO	PUNTUACIÓN ACADADA	ESTADO	MOTIVO
2020-E-RC- 2794	De luns a venres de 9:45h-12:45h	17	NON ADMITIDA	Non cumpre requisitos
2020-E-RC- 3446	De martes a xoves de 16:00- 19:00h	13	ADMITIDA	
2020-E-RC- 4252	De luns a venres de 16:00 a 19:00h	24	NON ADMITIDA	Non cumpre os requisitos
2020-E-RC- 4381	De luns a venres de 9:45h-12:45h	21	NON ADMITIDA	Non cumpre os requisitos
2020-E-RC- 4418	De luns a venres de 9:45h-12:45h	19	NON ADMITIDA	Non cumpre os requisitos

TERCEIRO. Comunicar esta resolución aos interesados para que:

1. Os usuarios/as admitidos/as procedan á formalización da matrícula, que se formalizará a través do impreso normalizado que se facilitará no Concello, servizo de educación familiar .
2. Os usuarios/as non admitidos/as poidan presentar unha nova solicitude, tal e como se sinala no RRI de funcionamento do Puntos de Atención á Infancia, que no seu Artigo 13, punto 4 onde di :“De haber prazos vacantes despois da baremación do mes de decembro, as mesmas poderán ser cubertas por aqueles solicitantes que presenten a súa solicitude con posterioridade a dito mes, sendo chamados por rigorosa orde de presentación da solicitude de novo ingreso”

CUARTO. Dar conta desta Resolución á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Outes, na data que figura á marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 9D4S5Y74HFLN9FCZGNDA6PZK | Corrección: <https://oules.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2